

Documento distribuído por



As dúas en punto

Teresa Moure

(18-7-2011)



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)

Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

As dúas en punto

Teresa Moure (18/07/2011)

As dúas en punto paran os reloxos e faise o silencio. A violencia fascista non debate, non matiza, non argumenta. O 18 de xullo de 1936 os fascistas levan os pantalóns ben cinxidos e gardan no peto un peite con que alisaren o cabelo. Compostela sería daquela tan fermosa como agora; quizais máis. Os obreiros están a aprender grandes palabras –"xustiza, camarada, xustiza", "patria e liberdade", "revolución". Se cadra o mundo que coñecemos comezaba entre nós naqueles anos, cando tantos mozos decidiron gardar no peto, en vez dun peite, un carné de afiliación a un sindicato, a un partido; non importa tanto onde se agrupaban como o feito mesmo de se agruparen. As ideas aínda non circulaban polos fíos coma hoxe; disque era difícil levalas dunha cabeza a outra e había que transportalas coa boca. Como a boca sempre andaba pedindo pan, a propaganda traballaba lentamente. As mulleres, como sempre, tiñan menos carnés: de elas non se esperaba que lesen Lenin nin Kropotkin. Elas seguían cun pé ben instalado no mundo de toda a vida, –que remedio!–: elas, as encargadas da intendencia.

Talvez xullo, talvez 1936, os fascistas chegan a unha casa humilde de Santiago e pasean un dos fillos mais outros dous irmáns escápanlles nos fociños. Que se pode facer para apreixalos? Se cadra espir na praza pública as irmás; aí as tedes: eis Coralía, eis Maruxa. Non teñen carné, nin estudaron anarquismo. Non son parvas mais non teñen doado acceder ás ideas; precísanse mil bocas a transportaren palabras revolucionarias para que unha desas ideas se achegue a elas. Igual se nacesen na casa dun falanxista mesmo ían ao rosario e paseaban polos soportais da Rúa Nova

acompañadas dun deses militares dos calzóns axustados. Porén elas naceron pobres, son dúas costureiras marcadas por tres irmáns con inquedanzas revolucionarias e, como cómpre na lóxica das guerras, deben pagar por eles.

As dúas pararon os reloxos; ás dúas da mañá esta vez, cando as Fandiño reciben as visitas dos homes do pantalón cinxido. Por que non insultalas? Por que non pegarlles? "Cala, puta!" Por que non arrepialas contando con detalle o que lles poden facer? Por que non subir ao Pedroso e vexalas, tirarlles a roupa, facer que reciban no propio corpo esa carne tersa que é o distintivo do réxime?

As dúas en punto paran os reloxos mais, despois dun silencio estremecido, o tempo volve correr. Maruxa e Coralia pasean do brazo. Cada día percorren as rúas de pedra apenas por faceren algo e non estar quietas porque elas viven unha vida prestada e sen futuro, sen proxectos, sen ilusións. Con roupas regaladas, e de mil cores, con esas maquillaxes atoladas de estrelas de cine, Coralia e Maruxa soben e baixan as rúas a procuraren un home. Cando o atopan, bérranlle piropos atrevidos, obscenidades, e máis unha vez teñen que escoitar –"Cala, trosma!", "Cala, puta!"– mais elas escachan a rir nunha gargallada salvaxe. Rin dos pantalóns cinxidos e dos peites, rin da inseguranza e do medo dos fillos de fascistas. Compostela, a vila recatada da catedral, segue a ser esa cidade tan provinciana como antes, quizais máis. E a xente escandalízase de que dúas vellas ousen pensar en corpos garridos. Son as dúas en punto. Cando os reloxos pararon, Coralia e Maruxa aprenderon o que saben todos os derrotados: que unha vez que che quitan a dignidade, xa nada máis poden facerche. Por iso, as dúas en punto é a hora da rebeldía. Son as dúas en punto.